



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A PROXECTOS DE INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS

RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a proxectos de instalacións fotovoltaicas nas comunidades de propietarios para o ano 2017. (Publicación no DOG núm 88 do martes 9 de maio de 2017).

Beneficiarios: Poderán ser beneficiarios as comunidades de propietarios/as que leven a cabo as instalacións fotovoltaicas establecidas no artigo 5 das bases, nas vivendas nas que sexan titulares da subministración eléctrica e que estean dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.

Obxecto: Regular a concesión de subvencións a proxectos de instalacións fotovoltaicas nos edificios das comunidades de propietarios, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado desta resolución (IN421M).

Contía: A contía da subvención será do 50 % do custo elixible da instalación, cun máximo de 60.000 euros por proxecto

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado desde o seguinte a aquel en que se publiquen as presentes bases no DOG.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Xunto coa solicitude presentaranse, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

Máis información:

- Na páxina web do Inega disporase de instrucións de axuda para consulta dos solicitantes. Para o caso de dificultades técnicas ou no caso de requirir máis información, o Inega pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 981 54 15 00 ou do enderezo de correo electrónico inega.info@xunta.gal.
- Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 9 de maio de 2017

A concelleira de casco histórico,



Asdo Lorena Couso Dopazo.